



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

# CADA VEZ SOMOS MÁIS

6325 Traballadores paramos o 12 de xuño

1359 máis que o paro anterior

O número dos traballadores que paramos segue medrando, o incremento do pasado xoves 12 de xuño con respecto ao paro anterior mostra claramente que as manobras da empresa e de CCOO e UGT non enganan a ninguén. Na Coruña e Pontevedra seguimos con niveles de participación moi importantes, superando o 30% en ambas provincias (descontado servizos mínimos e fora de convenio), Lugo e Ourense incrementan claramente a participación nos paros a medida que teñen máis información.

A proposta da empresa sigue na liña de recortes laborais e salariais, que no contexto de enormes beneficios dos últimos anos, é insultante. Os traballadores merecemos que a negociación xire en torno ás nosas propostas e deixemos de darlle voltas ás pretensións da empresa.

Non podemos asumir as enormes ameazas que supón trasladar a mesas de Negociación Permanente o Modelo de Clasificación Profesional e o modelo retributivo que levaría asociado, non podemos permitir que os novos traballadores entren en condicións moi inferiores ás nosas como se recolle no texto, non podemos seguir perdendo poder adquisitivo...

Para os que aínda non teñan clara a súa postura, dende a CIG lle pedimos que lean o texto entregado pola empresa e o comparen coas propostas dos traballadores para comprobar que as nosas propostas non aparecen por ningures, que o comparen co Convenio Colectivo 2003/2005 para comprobar que perdemos condicións laborais e salariais.

Secundar as mobilizacións rexeitando as propostas da empresa vai en beneficio de todo o Cadro de Persoal, os que nos representan na Mesa de Negociación deben ter en conta este nivel de participación nos paros asumindo a responsabilidade que lles corresponde nas decisións que poidan tomar.

**SÚMATE. AÍNDA TEREMOS MAIS FORZA**

**POR UN CONVENIO XUSTO**

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.  
Non te limites a escoitar, faite oír.

Galiza, 13 de xuño de 2008

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)